



| Guía Docente | | | | |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------|----------|
| Datos Identificativos | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Farmacoloxía | Código | 750G02109 | |
| Titulación | Grao en Podoloxía | | | |
| Descritores | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 1º cuatrimestre | Segundo | Formación básica | 6 |
| Idioma | Castelán | | | |
| Modalidade docente | Híbrida | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Ciencias da Saúde | | | |
| Coordinación | Núñez Fernández, Lucia | Correo electrónico | lucia.nunez@udc.es | |
| Profesorado | Núñez Fernández, Lucia | Correo electrónico | lucia.nunez@udc.es | |
| Web | moodle.udc.es | | | |
| Descrición xeral | <p>A Farmacoloxía é a ciencia biolóxica que estuda as accións e propiedades dos fármacos nos organismos. Podemos definir fármaco como toda sustancia química utilizada no tratamento, a curación, a prevención ou o diagnóstico dunha enfermidade, ou para evitar a aparición dun proceso fisiolóxico non desexado.</p> <p>Os principais contidos da materia son:</p> <p>Introdución á farmacoloxía e á lexislación vixente.</p> <p>Uso Racional do medicamento. Farmacoeconomía.</p> <p>Principios xerais de acción de fármacos: farmacocinética (Vías de administración de medicamentos).</p> <p>Principios xerais de acción de fármacos: farmacodinámica (Acción e efectos).</p> <p>Factores fisiolóxicos e patolóxicos que condicionan a resposta aos fármacos.</p> <p>Deseño de fármacos e desenvolvemento de medicamentos. Reaccións adversas aos medicamentos. Estudos de toxicidade.</p> <p>Interacción de fármacos.</p> <p>Introdución á Farmacoloxía clínica (Produtos naturais, descrición grupos farmacolóxicos e fármacos de uso habitual, indicacións e contraindicacións).</p> | | | |



| | |
|-----------------------------|---|
| Plan de continxencia | <p>1. Modificacións nos contidos</p> <p>? Non se realizarán cambios</p> <p>2. Metodoloxías</p> <p>*Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>As clases maxistrais seguirán sendo virtuales.</p> <p>Aqueles seminarios que xa estaba previsto que foran virtuales seguirán sendo virtuales.</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>Virtualizarase os seminarios que estaba previsto que fosen presenciais.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado</p> <p>? Correo electrónico: Diariamente. De uso para hacer consultas, solicitar tutorías virtuales por teams para resolver dudas y para hacer seguimiento de trabajos tutelados.</p> <p>? Moodle: Diariamente. Se crearán foros de dudas en cada tema.</p> <p>? Teams: 1 sesión semanal en gran grupo para el avance de los contenidos teóricos en las clases magistrales. 1 sesión semanal en grupos medianos para la realización de seminarios sobre el tema visto en la clase magistral.</p> <p>4. Modificacións na avaliación</p> <p>Mantense os mesmos porcentaxes de avaliación. En caso de que a proba de resposta múltiple no poida ser presencial, realizarase a través de moodle.</p> <p>*Observacións de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 75% a proba de resposta múltiple: O alumno deberá realizar unha proba de 50 preguntas (45 dos temas vistos nas clases maxistrais e 5 do traballo realizado nos obradoiros) tipo test con resposta múltiple, unha correcta de entre 5 posibles. Non puntuá negativo. O aprobado (5) estará no 70% das respostas correctas, é dicir, o número de respostas correctas para aprobar é de 35. É necesario obter un aprobado no exame para poder aprobar a materia. As respostas serán avaliadas unicamente na plantilla de respostas do examen. - 25 % obradoiros: Avaliarase en función da asistencia e a participación do alumno nas actividades a realizar nos seminarios. Na proba de opción múltiple, incluírase 5 preguntas da materia que se vexan nos obradoiros. <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía</p> <p>- Non se realizarán cambios</p> |
|-----------------------------|---|

| Competencias / Resultados do título | |
|-------------------------------------|--|
| Código | Competencias / Resultados do título |
| A75 | CE11 - Coñecer os grupos farmacolóxicos e os procesos cinéticos dos medicamentos no organismo, identificando os fármacos de uso habitual as súas indicacións, contraindicacións, reaccións adversas, interaccións e vías de administración |
| A76 | CE12 -- Coñecer os principios de deseño de fármacos e desenvolvemento de medicamentos, Receitas, Estudos de toxicidade e produtos naturais de utilización terapéutica |
| B24 | CB2 - Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo |
| B25 | CB3 -- Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética |



| | |
|-----|--|
| B30 | CG03 - Obter a capacidade, habilidade e destreza necesarias para diagnosticar, prescribir, indicar, realizar e/ou elaborar e avaliar calquera tipo de tratamento podolóxico, ortopodolóxico, quiropodolóxico, cirurxía podolóxica, físico, farmacolóxico, preventivo e/ou educativo, baseado na Historia clínica |
| B36 | CG09 -Valorar de forma crítica a terminoloxía, ensaios clínicos e metodoloxía utilizados na investigación relacionada coa podoloxía |
| C16 | CT08 - V- Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade |

| Resultados da aprendizaxe | | | |
|---|--|--------------------------|------------|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título | | |
| | Coñecer o deseño dos fármacos e o desenvolvemento dos medicamentos. Coñecer a toxicidade dos fármacos. Coñecer o uso da receita. | A76 | B25 B36 |
| Coñecer e aplicar os principios de farmacocinética no uso e indicacións dos fármacos. Coñecer as vías de administración de medicamentos. | A75 | B30 | C16 |
| Coñecer e aplicar os principios de farmacodinamia no uso e indicacións dos fármacos. | A75 | B25 B30 B36 | C16 |
| Coñecer a acción, efectos, reaccións adversas e interaccións farmacolóxicas. | A75 | | |
| Coñecer e describir os distintos grupos farmacolóxicos. Fármacos de uso habitual, indicacións e contraindicacións. Coñecer os produtos naturais de utilización terapéutica. | A75 | B24 B25 B30 B36 | C16 |

| Contidos | |
|---|--|
| Temas | Subtemas |
| Introdución á Farmacoloxía e lexislación vixente. | 1. Introdución á Farmacoloxía. 2. Lexislación vixente. 3. Desenvolvemento e comercialización dos medicamentos. 4. Prescrición e uso de medicamentos. Receita. 5. Uso racional de medicamentos. 6. Información e selección de medicamentos. 7. A avaliación económica da utilización de medicamentos. Tipos de estudos farmacoeconómicos. |
| Principios xerais de acción de fármacos: farmacocinética (Vías de administración de medicamentos). | 8. Absorción de fármacos. 9. Distribución de fármacos. 10. Biotransformación de fármacos: Metabolismo e Eliminación. |
| Principios xerais de acción de fármacos: farmacodinámica (Acción e efectos). | 11. Interaccións fármaco-receptor. 12. Mecanismos moleculares de acción. |
| Factores fisiolóxicos e patolóxicos que condicionan a resposta aos fármacos. | 13. Factores fisiolóxicos que condicionan a resposta a fármacos. 14. Factores patolóxicos que condicionan a resposta a fármacos. |
| Deseño de fármacos e desenvolvemento de medicamentos. Reaccións adversas aos medicamentos. Estudos de toxicidade. | 15. Reaccións adversas aos medicamentos. 16. Ensaio clínico controlado. 17. Farmacovixilancia. |
| Interaccións farmacolóxicas. | 18. Interacción de fármacos. 19. Anamnesis farmacolóxica. |
| Introdución á Farmacoloxía clínica (Produtos naturais, descrición grupos farmacolóxicos e fármacos de uso habitual, indicacións e contraindicacións). | 20. Produtos naturais de utilización terapéutica. 21. Descrición dos distintos grupos farmacolóxicos. 22. Fármacos de uso habitual, indicacións e contraindicacións. |

| Planificación |
|---------------|
|---------------|



| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
|----------------------------|-----------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Sesión maxistral | A75 A76 B30 B36 C16 | 20 | 50 | 70 |
| Obradoiro | A75 A76 B24 B25 B30 B36 C16 | 20 | 42 | 62 |
| Proba de resposta múltiple | A75 A76 B24 B30 | 2 | 12 | 14 |
| Atención personalizada | | 4 | 0 | 4 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|----------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Exposición oral e con medios audiovisuais dos temas que compoñen o programa da materia. |
| Obradoiro | Sesións sobre os temas expostos na sesión maxistral co fin de aclarar puntos craves e/ou dúbidas dos alumnos. Combinaranse diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, casos clínicos, etc) a través do que o alumnado desenvolve tarefas eminentemente prácticas sobre un tema específico, co apoio e supervisión do profesorado |
| Proba de resposta múltiple | 50 preguntas con 5 respostas das cales só unha é correcta. Non se aplica factor de corrección polas respostas non acertadas. |

| Atención personalizada | |
|------------------------|---|
| Metodoloxías | Descrición |
| Sesión maxistral | Durante as sesións maxistras poderanse expor as dúbidas que xurdan. Posteriormente e vía correo electrónico tamén se poden expor dúbidas sobre os temas expostos en clase. Haberá un chat en moodle para plantear as dúbidas. |
| Obradoiro | Durante os talleres realizarase atención personalizada para resolver as dúbidas e problemas que lle xurdan ao alumno. |

| Avaliación | | | |
|----------------------------|-----------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Proba de resposta múltiple | A75 A76 B24 B30 | O alumno deberá realizar unha proba de 50 preguntas (45 dos temas vistos nas clases maxistras e 5 do traballo realizado nos obradoiros) tipo test con resposta múltiple, unha correcta de entre 5 posibles. Non puntuación negativa. O aprobado (5) estará no 70% das respostas correctas, é dicir, o número de respostas correctas para aprobar é de 35. É necesario obter un aprobado no exame para poder aprobar a materia. As respostas serán avaliadas unicamente na plantilla de respostas do examen. | 75 |
| Obradoiro | A75 A76 B24 B25 B30 B36 C16 | Avaliarase en función da participación do alumno e realización das actividades a realizar nos seminarios. Na proba de opción múltiple, incluírase 5 preguntas da materia que se vexan nos obradoiros. | 25 |

| Observacións avaliación |
|-------------------------|
| |



O sistema de cualificacións exprésase mediante cualificación numérica de acordo co establecido no art. 5 do Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro (BOE 18 de setembro), polo que se establece o sistema europeo de créditos e o sistema de cualificacións nas titulacións universitarias de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Sistema de cualificacións: 0-4.9=Suspenso, 5-6.9=Aprobado, 7-8.9=Notable, 9-10=Sobresaliente, 9-10 Matrícula de Honra (Graciable). Outorgarase Matrícula de Honra Graciable, ao alumno coa maior puntuación global sempre que sexa maior de 9. No caso de que o número de matrículas que se poidan outorgar sexa menor que o número de alumnos coa maior puntuación global, outorgarase matrícula de honra a aqueles alumnos coa maior nota no exame. Se continua sendo menor o número de matrículas de honra que se poden outorgar terase en conta a nota dos talleres nos que se realizaban presentacións orais.

Alumnos con matrícula tempo parcial (deben mandar e-mail ao profesor indicando a súa situación ao principio do curso): a avaliación dos talleres realizarase pola entrega dos exercicios expostos en cada taller na plataforma moodle. A avaliación da proba de resposta múltiple realizarase seguindo as indicacións desta guía. Alumnos con segunda matrícula e posteriores (deben mandar e-mail ao profesor indicando a súa situación ao principio do curso): a avaliación dos talleres manterase da matrícula anterior. Poderase subir a nota volvendo realizar os exercicios expostos nos talleres nesa matrícula. A avaliación da proba de resposta múltiple realizarase seguindo as indicacións desta guía. Considerarase non presentado: aquel alumno que entregue menos do 50% dos exercicios expostos no taller e non asista ao exame final.

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|---|
| Bibliografía básica | 1. Rang HP, Dale MM, Ritter JM, Flower RJ. Farmacología. 7ª ed. Madrid: Elsevier, 2012. 2. Flórez J. Farmacología Humana. 5ª ed. Barcelona: Masson, 2008. 3. Lorenzo-Velázquez B, Lorenzo Fernández P. Farmacología básica y clínica. 18ª ed. Madrid: Médica Panamericana, 2013. 4. Goodman y Gillman. Las bases farmacológicas de la terapéutica. 11 edición. Editorial Panamericana, 2006. 5. Martindale JFK. The extraPharmacopoeia. The Pharmaceutical Press. 31 edición. 1996. |
| Bibliografía complementaria | 1. Gómez Ortiz, Santiago y Gómez Facundo, Santiago. Guía farmacológica de utilización en podología. Consejo General de Colegios Oficiales de Podólogos. Barcelona: Nexus Médica Editores S.L. 2016. 2. J. Ignacio de Ahumada Vázquez, M.ª Luisa Santana Falcón, José S. Serrano Molina. Ignacio de. Farmacología práctica para las diplomaturas en ciencias de la salud: (enfermería, fisioterapia, podología): con autoevaluación. Madrid: Díaz de Santos, 2002. |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Anatomía humana xeral/750G02001
 Fisioloxía xeral/750G02003
 Fisioloxía de sistemas/750G02004
 Patoloxía xeral/750G02008
 Microbioloxía e parasitoloxía /750G02107

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Terapéutica Farmacolóxica/750G02122

Observacións

Na entrega de traballos recoméndase aos alumnos que presenten documentos en papel, preferentemente reciclados, impresos en ambos os lados e que non empreguen plásticos para a entrega de varias follas, mellor documentos grapados. Os alumnos deben estar claros que a aplicación da normativa da UDC sobre as situacións de plaxio será revisada polo profesorado.

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías